

Quen somos?

Coop57 Galicia está integrada en Coop57, unha cooperativa de servizos financeiros creada en 1995 en Barcelona. Desde 2005 funciona en Aragón. En Madrid, desde 2006 e en Andalucía desde 2008.

Os seus recursos destínanse a proporcionar préstamos a proxectos de economía social que promoven o emprego, fomentan o cooperativismo, o asociacionismo e a solidariedade en xeral, así como a sustentabilidade sobre a base de principios cooperativos, éticos e solidarios.

Principios

- principio de **COHERENCIA**

Investir en proxectos que non contradigan os nosos principios éticos e sociais.

- principio de **COMPATIBILIDADE**

COOP57 fai compatible o rendimento social e a viabilidade financeira.

- principio de **DEMOCRACIA**

Foméntase a responsabilidade das persoas investidoras aforradoras nas súas operacións financeiras. A participación das persoas e entidades sociais na política de Coop57 Galicia é un pilar fundamental.

- Principio de **TRANSPARENCIA**

Garántese a información sobre todos os proxectos Financiados, así como as características das operacións.

- principio de **DESENVOLVEMENTO E ARRAIGAMENTO SOCIAL** | Promóvense os investimentos e iniciativas de proximidade.



🏠 Quen pode ser socia?

Entidades da economía social

Estas poden achegarse a Coop57, ben por un interese en apoiar un instrumento financeiro solidario e ético, ben porque precisan o financiamento para levar a cabo un proxecto económico.

Entidades sociais

Admítense como socias as cooperativas, fundacións, asociacións e outras entidades da economía social sempre e cando compartan os principios de finanzas éticas e solidarias. Cando a entidade formula a solicitude para incorporarse como socia, avalíase o cumprimento dos requisitos sociais da entidade e, de cumprilos, ten que facer unha achega de capital social obrigatorio de 901,52€.

Tamén se admiten as achegas voluntarias que serán retribuídas mediante xuros. Só as entidades sociais son as beneficiarias dos préstamos e produtos financeiros de Coop57.

Entidades adheridas

As entidades de economía social adheridas son as que compartan os principios e apoian o proxecto. Estas entidades non son socias polo que non perciben préstamos nin realizan achegas económicas.

📄 Persoas e entidades colaboradoras

Coop57 convírtese nunha opción para aquelas persoas e entidades que apostan por modelos éticos, alternativos á banca tradicional, para investir os seus cartos. Os investimento das persoas e entidades sociais colaboradoras son retribuídos mediante xuros, que anualmente son establecidos na asemblea de Coop57, a un xuro do 2,10/2,25% para 2009.

As persoas e entidades sociais colaboradoras participan na Asemblea e teñen unha representante no Consello Reitor. Teñen que realizar unha achega mínima de 300,51€ dunha duración variable entre un a tres anos. A devolución da achega pode ser parcial ou total.

Para que Coop57 Galicia?

Para ter un mecanismo coherente entre a defensa cotiá de principios éticos e solidarios e o destino que se lle dá a unha parte dos cartos. Para tecer unha rede entre as entidades de economía social. **Para promocionar unha fórmula ética, solidaria e autoxestionada de financiamento.** Para ofrecer unha alternativa á banca tradicional



Que facemos en Coop57?



- Fomentamos o aforro solidario e o investimento ético para desenvolver os proxectos da economía social.
- Decidimos o destino dos nosos aforros financiando proxectos da economía social.
- Facemos compatibles o rendemento social e a viabilidade económica.
- Recuperamos o control dos nosos aforros. As entidade socias e as persoas socias colaboradoras deciden as políticas a seguir así como as liñas de financiamento en asemblea.
- Absoluta transparencia nos préstamos concedidos e nos investimentos.
- Información pública e accesible de toda a actividade.
- Os recursos e aforros de cada territorio (Coop57 Catalunya, Coop57 Aragón, Coop57 Madrid, Coop57 Andalucía, Coop57 Galicia) destínanse aos proxectos sociais de cada territorio, para fomentar o desenvolvemento social e económico.



Como solicitar a alta coma socio/a?

- A través da web galicia.coop57.coop
- Por correo electrónico: galicia@coop57.coop
- Por teléfono 986 896 526 • 986 862 887



E ti, queres decidir o destino dos teus aforros?



Integran Coop57 Galicia

(a 30 de maio de 2009)

Andaina, S. Coop. Galega
Consumo Consciente Arbore, S. Coop. Galega
Ardora Formación e Servizos, S. Coop. Galega
Asociación de Economía Social Briante
Cooperativa de Consumo Responsable A Xoaniña, S. Coop. Galega
Cidania Rede de Aplicacións Sociais, S. Coop. Galega
Equal, S. Coop. Galega
Federación de Cooperativas SINERXIA
Fungo, S. Coop. Galega
Intergal, S. Coop. Galega
Milhulloa, S. Coop. Galega
Teixugo, S. Coop. Galega
Unión de Cooperativas de Traballo Asociado UGACOTA
Unión de Cooperativas de Ensino de Traballo Asociado - UCETAG
Unión de Cooperativas de Traballo Asociado EIXO
Xedega, S. Coop. Galega

Outras finanzas son posibles!

Coop 57 Galicia

Rúa Fernández Villaverde 4, 1º andar drto.


36002 PONTEVEDRA

Tel. 986 896 526 // 986 862 887

galicia@coop57.coop • <http://galicia.coop57.coop>



www.coop57.coop



Unha economía solidaria para una sociedade máis xusta

Somos unha organización financeira alternativa á banca tradicional sobre os principios de democracia, cooperativismo e responsabilidade social no ámbito xeográfico galego.


coop⁵⁷
galicia

servizos financeiros éticos e solidarios
<http://galicia.coop57.coop>